O pasado
foi teu,
agora no
presente
fúxoche.
Con tantas
cousas na miña
mente non
teño tempo
nin para verte.
Algunhas cancións
fánme querer recordarte,
aunque sería mellor
poder olvidarte.

María, Sara e Ángela.

A Ría
Alta, contenta,
baza, triste e compunxida,
polo inverno, brava
e polo verán, calma;
paixón dos pescadores
e fogar dos cangrexos
desembocadura de río,
deleite dos piragüistas
e chulería dos socorristas.

Xoán, Iván e Miguel.

un, dous, tres, catro
O neno, comelle, a lingua o gato
Un, dous , tres, catro
Estou farto do comerlle
a lingua ao gato.

Ángel e Cristian.

Día de fútbol

Todo o mundo para o bar se dirixe,
e senón Marca TV na tele pos,
e de paso a Haro ver podes,
cando marca o Betis óese:
¡Gooooooooool!

Adrián, Alberto e David

Para Estela

Pequena criatura,
nunca verá a luz do día
non sabes canto daría,
por terte entre os meus brazos.
A túa cuna mece
as lágrimas dos meus ollos
que nunca atoparan acougo
nesta túa habitación vacía.
Ven a min fermosa alma!
Anxo, faime compañía,
froito do meu ventre,
luz da miña vida,
que agora te acune o vento,
e a lúa che faiga de vixía.

Sara R. Sonia e Lucía

Fdo: Os teus soños.

Camiña polo meu teito,

cólase pola miña ventá,

alóxase na miña almofada

e obsérvame durmir.

sinto cóxegas nos dedos,

bolboretas que bailan,

a súa dozura atrápame,

xa non podo saír.

Durme, durme miña nena,

durme e soña sen fin,

que os soños están para cumprirse,

e o sol está por saír.

Cando caia a luz do día,

tereime que despedir,

se me queres conseguir,

non pares, loita e ven a min.

Fdo: Os teus soños.

Sonia, Sara R. e Lucía